

ROGO DE AER A ACTA DO CONCURSO DRAG QUEEN (Rex.Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-10).

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

O 27 de agosto de 2018 AER meteu o seguinte rexistro:

“O pasado día 18 de agosto de 2018 realizouse, dentro das actividades do Entroido de Verán organizado polo Concello de Redondela, a VIII Gala Drag Queen.

Segundo as bases do concurso, expostas na web do Concello, existirá un Xurado (artigo 3) e un comité de Organización (artigo 7.2) responsables das decisións tomadas no desenrolo do concurso.

7.2.- Calquera outro aspecto da organización e/ou competición que non estea recollido nos apartados anteriores será resolto polo comité de organización.

Acceso á acta do xurado da VIII Gala Drag Queen do concurso do Drag Queen do Entroido de verán 2018 e acceso ós acordos adoptados polo Comité de Organización en relación ó desenrolo do concurso deste mesmo ano.” Redondela TV gravou durante un longo período unha serie de vídeos por encargo do Concello, que abarcaban diversas actividades que se realizaban no concello; culturais, deportivas, entrevistas, etc; e que incluía tamén a gravación dos plenos. Todo este material audiovisual debería estar directamente colgado na web do concello de Redondela e ademais, incorporarse ao Arquivo Municipal para que estivese dispoñible para a consulta de xeracións futuras.

De cara a esclarecer o acontecido con respecto a abrupta descualificación dun dos concursantes da gala Drag Queen 2018 aparentemente directamente polo Alcalde por sentirse ofendido por unha representación de entroido con disfraces de relixiosos, ROGAMOS nos proporcionen a acta do Xurado da VIII Gala Drag Queen pola que levamos esperando 7 meses. Doutro xeito entenderemos que non existe tal acta e o concurso realmente ven sendo unha farsa.

Resposta: O alcalde di que hai un xurado que decidiu, que o que se decidiu é que ofendeuse aos veciños e o decidiu o xurado.